

ACTA DO DITAME DA COMISIÓN DE VALORACIÓN PARA A SELECCIÓN DE PROXECTOS PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME DE COPRODUCCIÓN, DUN ESPECTÁCULO TEATRAL NA TEMPORADA 2025-2026 A PARTIR DA DRAMATURXIA CREADA NO PROXECTO SANTA BÁRBARA DE SANTIAGO CORTEGOSO, GAÑADOR DA BOLSA DE DRAMATURXIA DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO 2024/25.

LUGAR: Sesión telemática a través da aplicación da Xunta de Galicia "Falemos"

DATA: 19 de xuño de 2025

HORA DE COMENZO: 11.00 h

HORA DE REMATE: 11.50 h.

ASISTENTES

Francisco Javier Núñez Alonso (coordinador do CDG), presidente

Antonio Vázquez Turnes (Federación Galega de Teatro Afeccionado)

María Francelina Crespo Méndez (Asociación de actores e actrices de Galicia)

Rocío Salgado Pérez (Escena Galega)

Francisco Oti Ríos (Academia Galega de Teatro)

Cristina Domínguez Dapena (Consello da Cultura Galega)

Jorge Rey Rivas (Unión Internacional de Marioneta, sección Galicia)

Diana Longa Collazo (Revista Galega de Teatro)

Xavier Castiñeira Blanco (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia)

Julia Sueiro Fojón (Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural)

Belén Brandido Gutiérrez (Asociación de Profesionais do Circo de Galicia)

Oscar Manuel Latas Santaefemia (Agadic), secretaria

AUSENTES

Carlos Ignacio Labraña Barrero (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da comisión de valoración
2. Valoración de proxectos

DELIBERACIÓNS

1. Constitución da comisión de valoración

Seguindo as bases da convocatoria para selección de proxectos para a contratación, en réxime de coprodución, dun espectáculo teatral na temporada 2025-2026 a partir da dramaturxia creada no



proxecto Santa Bárbara de Santiago Cortegoso, gañador da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2024/25 a comisión de valoración queda constituída, segundo a resolución da dirección da Agadic do 18 de xuño de 2025, polos membros anteriormente mencionados.

2. Valoración de proxectos

Os proxectos valorados pola comisión son:

COMPAÑÍA
Redrum
Vaiembora
Ítaca Teatro

O vogal, Carlos Labraña Barrero renuncia por incompatibilidade cun dos proxectos.

A comisión quere destacar o interese das tres propostas presentadas e a diversidade en canto ao perfil dos proxectos e das compañías.

Tras valorar os proxectos e despois das deliberacións oportunas, os membros da comisión acordan propoñer por maioría a contratación do proxecto de Redrum Teatro.

A comisión destacou o equilibrio entre a proposta artística e o modelo de produción garantindo a coherencia e sostibilidade do proxecto dentro do ecosistema escénico do país.

ACORDOS

Acórdase, propoñer ao director da Agadic a contratación con Redrum da adaptación e posta en escena do texto gañador da bolsa de dramaturxia do Centro Dramático Galego 2024/25 segundo consta nas bases do proceso.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

O secretario

Visto e prace

O presidente

Oscar Manuel Latas Santaefemia

Francisco Javier Núñez Alonso



DESTACAR PARA COMUNICAR

O proxecto gañador presentado por Redrum destaca polo equilibrio entre a proposta artística e o modelo de produción garantindo a coherencia e sostibilidade do proxecto dentro do ecosistema escénico do país. A comisión quere destacar o interese das propostas presentadas e a diversidade en canto ao perfil dos proxectos e das compañías.

